

II REPÚBLICA

A partir dos seguintes documentos, elaboraremos un comentario de texto histórico sobre a II República en España (1931-1936).

O 30 de xaneiro, Primo de Rivera presenta a súa dimisión e o rei apresúrase a aceptala. En poucas horas pasábase da ditadura de Primo de Rivera á “ditabranda” do xeneral Berenguer, elixido por ser liberal. O rei encargoulle preparar a restauración dun sistema parlamentario, para retornar ó sistema constitucional de 1876.

O novo goberno permitiu a volta de catedráticos no exilio como Unamuno e tomou medidas para dismantelar o sistema da ditadura, desaparecendo a Asamblea Nacional, a Unión Patriótica e dando permiso á existencia de partidos políticos; pero as tensións sociais aumentaron e antigos ministros da monarquía, como Alcalá Zamora, adheríronse á República. A difícil situación económica contribuíu a aumentar o descontento.

No 1930 a unión de forzas antimonárquicas concreouse no Pacto de San Sebastián, no que non estaban nin o Partido Comunista Español (PCE), nin o PSOE. Decidiron constituír un Comité Revolucionario con Alcalá Zamora como presidente, co obxectivo de derrubar a monarquía. Berenguer dimite e asume a presidencia o almirante Aznar, que convoca eleccións municipais cun resultado maioritario a favor do bloque antidinástico. Ante a proclamación da República por varias cidades, o Comité dá un ultimátum o rei, que abdica ese mesmo día.

A II República proclamouse o 14 de abril de 1931, como unha reacción de euforia dos antimonárquicos (asinantes do Pacto de San Sebastián de 1930), ante o triunfo dos seus candidatos a alcaldes nas grandes cidades como Madrid e Barcelona. A primeira cidade en proclamar a República foi Eivar. A decisión de Alfonso XIII de autoexiliarse por falta de apoios, afirmou o fervor prorrepblicano e provocou un baleiro de poder.

Para cubrir o baleiro de poder proclamouse un goberno provisional, composto polos dirixentes dos grupos asinantes do Pacto de San Sebastián, dirixido por Niceto Alcalá Zamora. Este goberno provisional tivo que facer fronte a varias tarefas urxentes como negociar a renuncia dos nacionalistas cataláns a declarar o estado catalán a cambio dunha oferta rápida de tramitar un estatuto de autonomía; frear as actitudes intransixentes do clero como as actitudes antirrepública do arcebispo de Toledo, do Cardeal Segura e a expulsión de España deste último, e dos anticlericais, que queimaban conventos; convocar unhas eleccións a Cortes constituíntes que posibilitasen escoller un goberno democrático e iniciar a elaboración dun texto constitucional. Estas eleccións deron a maioría ós grupos pro-reformistas dos partidos centristas republicanos e PSOE. Como presidente do goberno os parlamentarios escolleron a Niceto Alcalá Zamora. Os deputados aprobaron o 9 de decembro do 31 unha nova Constitución, que definía España como un estado democrático, laico, cun presidente de República, un goberno responsable ante o Congreso, un dereito de sufraxio universal total (incorporándose así o voto feminino, tema de debate entre Clara Campoamor e Victoria Kent, dúas mulleres que ocupaban escaños no Congreso, a primeira polo Partido Radical de Lerroux e a segunda polo Partido Republicano Radical: Victoria Kent cría que debido ao analfabetismo da maioría das mulleres, os seus votos serían facilmente manipulables e polo tanto, consideraba que para a República era máis favorable a abstención de voto da muller, a pesar disto, Campoamor insistía no dereito da muller a votar como membro da sociedade que era), unha estrutura do territorio unitaria con posibilidade de estatutos de autonomía (os debates constitucionais foron duros na cuestión da separación dos intereses da igrexa e estado ou estado laico, chegando incluso a dimitir certos ministros e o presidente do goberno Niceto Alcalá Zamora, que foi substituído polo ministro de guerra Manuel Azaña). Tras a aprobación da Constitución o congreso reafirma a Manuel Azaña como presidente do goberno e nomea a Niceto Alcalá Zamora Presidente da República.

O goberno do Bienio reformista ou de esquerdas (1931-1933) planeou un amplo programa de

reformas co obxectivo de rexenerar España. Entre esas reformas destacan as seguintes.

A reforma educativa e do clero. Os gobernantes apostaron por secularizar a vida social (afirmar a non confesionalidade do estado, aprobar a liberdade de cultos, o divorcio, o matrimonio civil), por modernizar os métodos pedagóxicos e por formar profesores laicos para o que disolveron a orde dos xesuítas, prohibíronlle ás congregacións relixiosas realizar actividades de ensino e limitaron a posesión de bens ás ordes relixiosas. Tamén apostaron por investir en preparar profesores e construír numerosas escolas primarias para alfabetizar á poboación. Neste contexto destaca o grupo de teatro “La Barraca”, do que formaba parte Federico García Lorca. Supuxo o fin dos orzamentos do Concordato de 1851. Pero todo isto veuse afectado pola conxuntura económica da II República, condicionada polo crack da bolsa do 29. Estas reformas provocaron a crispación do clero.

A reforma militar levada a cabo por Manuel Azaña, anterior ministro de guerra, que puxo un especial empeño en modernizar o exército, ofrecendo ós mandos a xubilación anticipada con soldo íntegro (para reducir o exceso de oficiais), diminuindo a amplitude da xurisdicción militar, para o que recorta a Lei de xurisdicción de 1906) e suprimindo a academia de oficiais de Zaragoza (para non favorecer o incremento de novos oficiais). Todo isto non se atopaba recollido na Constitución. Por temor, o goberno non se atreveu a suprimir a Garda Civil e para realizar funcións de política urbana e protectora da República, preferiu crear os Gardas de Asalto. Esta reforma provocou a crispación de moitos sectores do exército, especialmente, dos africanistas.

A reforma agraria. O goberno retomou de xeito definitivo as pretensións ilustradas do século XVIII de tratar de resolver os graves problemas do campo español, que non lograron arranxar os liberais cos seus procesos desamortizadores. Para tratar de lograr unha distribución máis xustas da propiedade e mellorar os rendementos agrícolas presentou unha proposta de Lei Agraria no Congreso: mentres os congresistas de dereitas trataban de ralentizar as discusións, para atrasar a aprobación da Lei, e os xornaleiros e arrendatarios esixían o reparto inmediato de terras e unha rebaixa nos arrendamentos (con ocupacións de fincas), os latifundistas, con apoio do clero, estaban a aliarse para convencer ós militares de impedir as reformas cun golpe de estado. O fracaso do golpe de estado do xeneral Sanjurjo (encarcerado e despois deportado a Portugal), en agosto de 1932, permitiu a Manuel Azaña axilizar as discusións no Congreso e aprobar a Lei de Reforma Agraria, que recollía un complexo sistema de expropiación de fincas con ou sen indemnización. As dificultades do goberno para dispoñer de fondos destinados a pagar indemnizacións (expropiándose así moitas menos terras das previstas) e as presións dos latifundistas afectados para intentar atrasar o proceso expropiatorio, desesperaban aos centos de milleiros de xornaleiros e arrendatarios, que se sentían desenganados co goberno e dispostos a aceptar calquera proposta da CNT e UXT de acelerar o proceso. A colectivización dos latifundios provoca incidentes protagonizados polos anarquistas e este sector quítalles o seu apoio á República. Os terratenentes tampouco estaban a favor desta reforma, así coma os pequenos propietarios de Castela e León e Galicia, que debido ao seu analfabetismo, eran manipulados polo clero.

A reforma da estrutura territorial do estado (Estado integral). Manuel Azaña precisaba convencer aos deputados do Congreso da importancia de abandonar a concepción centralista do estado, por un modelo de estado que puidese ser unitario e ao mesmo tempo integrar espazos autónomos, xa que no 1931, o goberno provisional, negociara cos nacionalistas cataláns a súa renuncia a declararse independentes a cambio da rápida aprobación dun estatuto de autonomía para Cataluña.

A Constitución de 1931 definía España como un estado integral, pero recoñecía o dereito a solicitar a aprobación do Estatuto de Autonomía, así os cataláns obtiveron o seu estatuto en 1932 (sendo anulado no Bienio anti-reformista e repostado polo goberno do Fronte Popular).

Os vascos tardan en obter o seu estatuto e no 1936 o PNV logrará a aprobación dunha nova proposta. Os galegos, pola súa banda, tardan moito en elaborar o seu estatuto e cando os deputados do Partido Galeguista o presentan en 1936 (foi Castelao o encargado) non chega a ser confirmado

polas Cortes debido ao inicio da Guerra Civil.

Esta reforma molestou aos centralistas. Os estatutos de autonomía desaparecerán co estado hipercentralista do franquismo e volverán a negociarse e aprobarse coa Constitución do 1978.

No tocante ás reformas sociais, o socialista Largo Caballero, ministro de traballo, tentou mellorar a situación dos obreiros fomentando reformas nas negociacións dos contratos de traballo decretando seguros sociais e favorecendo a actividade dos sindicatos, mais estas reformas non chegaron a contentar ós obreiros e xornaleiros, aínda que si molestaron moito aos empresarios e terratenentes.

A II República xorde nun contexto internacional dominado polos efectos da grande crise económica do 29 e polo auxe dos sistemas totalitarios (fascismo, nazismo e socialismo) e do anarquismo. Polo tanto, o goberno terá serias dificultades para levar adiante o programa de reformas debido aos seguintes motivos:

O crecemento espectacular do paro; a acusación por parte dos empresarios e terratenentes ao goberno de ser o culpable das dificultades económicas coa súa política de reformas que crían que beneficiaba en exceso aos traballadores e esixían orde, chegando a pensar en opcións fascistas; os obreiros e xornaleiros, dirixidos por UXT e CNT consideraban as reformas lentas e ineficaces, protagonizando folgas e protestas para provocar a revolución, a matanza de xornaleiros no pobo de Casas Viejas (12/01/1933), levada a cabo por Gardas de Asalto para defender ós gardas civís asediados nun cuartel, non convenceu ós empresarios e terratenentes, dividiu ós políticos dos grupos que apoiaban ó goberno e radicalizou a postura revolucionaria da CNT e UXT, que vían as reformas lentas e ineficaces pero a represión rápida, dura e violenta; os católicos conservadores unificados na Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA), en 1933, liderados por José María Gil Robles, de ideoloxía monárquica, alfonsina e católica, empezaron unha campaña de acoso ao goberno polas súas reformas anticlericais; os monárquicos alfonsinos e carlistas e os fascistas da Falanxe (fundada e dirixida por José Antonio Primo de Rivera), alíanse apostando pola violencia e na estratexia de provocar aos militares para dar un golpe de estado, para salvar a España do caos provocado polos gobernantes liberais-demócratas e para evitar unha revolución marxista ou anarquista.

Ante a conflitividade social, as tensións políticas e a división interna entre os partidarios de Azaña (os socialistas non estaban dispostos a apoiar un goberno lento nas reformas e rápido para reprimir ós campesiños), o presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, en setembro de 1933 destitúe a Azaña, dissolve as Cortes e convoca novas eleccións para fins de 1933.

Nas eleccións de novembro, os grupos políticos de centro-esquerda fracasaron, debido ao descontento coas reformas, á división interna e ó abstencionismo dos anarquistas; os grupos de centro (Partido Republicano Radical, de Lerroux) e de dereita (CEDA) alcanzaron unha ampla maioría, favorecidos polo desgaste do goberno reformista, pola unidade dos católicos e polo sufraxio universal total (o voto feminino, influído polo clero favoreceu ós antirreformistas). Niceto Alcalá Zamora preferiu marxinar á CEDA(grupo máis votado) e elixiu a Lerroux como presidente do goberno, co obxectivo de evitar un cambio demasiado brusco na orientación política da República. A CEDA, en principio, limitouse a apoiar aos gobernos de Lerroux. Este período coñécese como Bienio anti-reformista ou de dereitas (1933-1935). Os gobernos do Partido Radical levaron a cabo unha política antirreformista para suspender ou anular as distintas reformas. Frearon a reforma social; concederon ó clero a recuperación da actividade docente e diñeiro público para financiarse; mantiveron a reforma militar, perdoando e promovendo ós militares sancionados por Azaña; mantiveron a reforma educativa cunha redución nos investimentos; suspenderon a concesión de estatutos de autonomía enfrontándose así coa Generalitat e paralizaron a reforma agraria.

Ante as actitudes do goberno, incrementouse o descontento e as protestas. A UXT e CNT planearon

folgas e movilizacións e os nacionalistas cataláns e vascos enfrontáronse ao goberno centralista.

En outubro de 1934, cando Lerroux nomeou a tres ministros da CEDA (para que non lle retirasen o apoio), os reformistas considerárono unha claudicación e unha chantaxe: PSOE e UXT declararon folga xeral revolucionaria en Catalunya, País Vasco e Asturias e os sucesos máis violentos provocáronos os cataláns, que proclamaron o Estado Catalán, cunha forte represión por parte do goberno central e a suspensión do Estatuto Catalán e os mineiros asturianos, que trataron de organizar unha nova administración, en base a comunas obreiras de orientación comunista e o goberno tivo que recorrer ao xeneral Franco, que deseñou un ataque brutal contra os mineiros, levado a cabo polas tropas lexionarias trasladadas desde o norte de África.

O goberno, tras dominar a Revolución asturiana, tomou represalias en toda España, devolveulle as propiedades ós xesuítas e plantexou a posibilidade de modificar a Constitución.

Ó longo de 1935 os gobernos radical-cedistas sufriron o acoso dos monárquicos que reclamaban a reposición da Monarquía, dos falanxistas e da UXT, PCE e CNT (que establecen unha Fronte Popular de partidos centristas e de esquerdas).

O descubrimento de subornos e escándalos financeiros levou a Alcalá Zamora a cesar a Lerroux e para non ter que nomear a Gil Robles como presidente do goberno, optou por segunda vez por disolver as Cortes e convocar eleccións para febreiro de 1936.

Nestas eleccións, fracasaron o Partido Radical e a CEDA e triunfou a Fronte Popular, grazas ao apoio de anarquistas e comunistas, por maioría absoluta.

Este período coñécese como os gobernos da fronte popular (1936-1939).

Alcalá Zamora chamou a Manuel Azaña a formar goberno, quen se plantexou cumprir as promesas electorais de amnistía total para os encarcerados na revolta do 34; reposición dos postos de traballo de traballadores despedidos por causas políticas; apoio ós pequenos produtores e empresarios; continuar a reforma agraria; recuperar as reformas laborais favorables a obreiros e xornaleiros; estender a reforma educativa; retomar a cuestión autonómica e restaurar as medidas da reforma militar (Mola é desterrado a Pamplona e Franco a Canarias para frear os rumores de golpe de Estado).

O goberno de Azaña atopouse cunha crecente crispación social (atentados profascistas, queima de conventos polos anticlericais, folgas obreiras) e o Congreso decidiu depoñer a Alcalá Zamora (a Constitución do 31 recoñecía os dereitos dos deputados a depoñer ó presidente se disolvía as Cortes dúas veces ou máis no seu mandato, se consideraban as disolucións incorrectas ou precipitadas) e nomear como presidente da República a Manuel Azaña: o novo xefe do goberno, Casares Quiroga, non tivo capacidade para frear a situación revolucionaria orixinada pola CNT, nin para impedir os asasinatos de pistoleiros falanxistas (asasinato do tenente Castillo, da Garda de Asalto) e a vinganza dos Gardas de Asalto (asasinato do líder de dereitas José Calvo Sotelo).

Desde o triunfo electoral da Fronte Popular, certos grupos militares, liderados por Sanjurjo, Mola e Franco, trataron de organizar un golpe de estado aproveitando este contexto de crispación e violencia e certos grupos políticos tamén fixeron os seus plans de insurrección contra o goberno republicano (os requetés, a Falanxe Española de las JONS). Pero entre os golpistas existían pretensións diferentes: Mola defendía unha ditadura militar republicana; a CEDA pretendía a restauración da monarquía afonsina liberal; os carlistas (requetés) defendían a restauración da monarquía absolutista e os falanxistas apostaban por unha ditadura fascista. O antirreformismo aglutinaba esta heteroxeneidade ideolóxica.

O desconcerto do goberno ante a situación de crispación e a axuda da CEDA, dos fascistas italianos e dos nazis alemáns aos golpistas facilitou a organización dun golpe de estado, que se inicia no norte de África o 17 de xullo do 36, estendéndose pola península o 18 de xullo, pero non logra o seu obxectivo de controlar Madrid e derrubar ó goberno, derivando nunha guerra civil.

Como conclusión, podemos decir que o antirreformismo causou a aglutinación da heteroxeneidade ideolóxica por parte dos golpistas e ante o fracaso do golpe de estado, a situación derivará a posteriori nunha cruenta guerra civil.